

Mércores 4, Decembro 2013 | [Cultura](#)

# Fin das baduadas: a modo de manifesto que non o é

XGG

*Xesús González Gómez escribe sobre os poemarios Versos Fatídicos (1994-2010), de Alfredo Ferreiro e Esplendor arcano, de Ramiro Torres. Destaca que "de agora en adiante, cando se fale de surrealismo na literatura galega falarase con propiedade, sen necesidade de contarmos historias non verdadeiras e de inventarmos o que nunca existira até hoxe"*

André Breton, como Benjamin Péret, Aragon e outros, mesmo algún Paul Éluard, foi na súa mocidade contaminado polo proxecto mallarmeano do libro total: do *Libro*. De aí que **o surrealismo, aínda que no momento da súa aparición dea as costas ao simbolismo, as súas raíces simbolistas, nunca rompeu, todo o contrario, co pensamento do Libro**, cun proxecto do libro total que compromete tamén todo o seu destino comunitario e que o constitúe fundamentalmente nun proxecto comunitario. Porque o *Libro de Mallarmé* é tamén isto, ou sobre todo isto: o nome da esixencia comunitaria que atravesa, que marca a ferro a literatura moderna, dos románticos alemáns a algúns grupos denominados de vangarda, ante todo o surrealismo, a pasar precisamente por Mallarmé.

**O surrealismo é, xa que logo, unha esixencia comunitaria**, como ben percibiu Jules Monnerot en *La poésie moderne et le sacré*. (Non imos enguedellarnos, mais, talvez, esa esixencia comunitaria –nada a ver co comunitarismo– do surrealismo estea atravesada, ou alicerzada, no Contrato social roussoniano). Como esixencia comunitaria é tamén, sempre falamos do surrealismo, unha esixencia poética: a poética da existencia, que é a poética última e verdadeira do surrealismo. Estas esixencias, comunitaria e poética, conducen a que, aínda que diferentes entre si, os poemas, os textos surrealistas gocen dunhas constantes (constantes que chegan a dominalos?). Constantes, que non tópicos, tanto no sentido retórico como no cotián. Constantes que,

dunha ou outra maneira, se manifestan nos poemas dos poetas surrealistas<sup>1</sup>. Isto pode comprobalo doadamente un lector interesado folleando con certa atención calquera antoloxía de poesía surrealista, francesa ou non.

Nós, neste artiguiño a modo de manifesto que non o é, non imos facer tal cousa. Si algo semellante, con dous poetas surrealistas e galegos, con dous libros de poemas surrealistas: *Versos Fatídicos (1994-2010)*, de Alfredo Ferreiro (Edicións Positivas, 2011), e *Esplendor arcano*, de Ramiro Torres (Edición do autor, 2012).

***Versos fatídicos e Esplendor arcano son dous poemarios ben diferentes entre si, aínda que estean atravesados (alicerzados) por unha mesma poética literaria e –avanzámolo – pola esixencia poética surrealista: a poética da existencia.*** Afirmamos que son dous poemarios diferentes entre si, o que, a pesar do que levamos dito e afirmado, é certo. Aínda que teñan temas *comúns*, visados, en certa maneira, desde unha mesma *óptica*, mais, por exemplo, a evidencia irónica está máis presente en Ferreiro que en Torres. Ou, por exemplo, a presenza da morte –a contrario– é máis nítida en Torres que en Ferreiro. Neste último a morte, máis por ausencia que por presenza, inscríbese na continuidade das metamorfoses surreais. Torres, pola súa parte, procura un equilibrio entre o enigma que é a morte e as liñas de forza que son amor, liberdade e poesía. Etcétera.

Non imos continuar –talvez outro día– desvelando diferenzas entre os dous poemarios (diferenzas, maticemos, non xerárquicas), xa que o que nos trouxo aquí foron precisamente as *coincidencias* profundas entre un e outro libro, entre un e outro poeta.

Cando o lector, un lector, inicia a lectura destes dous poemarios, *Versos fatídicos* co poema 'Visión do médium' *Esplendor arcano* con 'Amor esplendendo no...', e continúa, o primeiro que percibe é a fonda implicación en ambos poetas do eu. Tanto do eu persoal como do eu poético, que chegan a se confundiren, a se fundiren. E tanto nun como noutro poeta, nun como noutro libro, aínda que non estea fondamente atento, **o lector percibirá fortemente, mesmo como se se producise un choque físico entre a vista e o papel, entre a vista e as letras, a aparición dunha nova persoa poética: a primeira do plural.**

O nós non maiestático, senón o nós comunitario. Na páxina 23, en *Esplendor arcano*

*Somos espuma de  
uma idade vindoura,  
afastando-nos do medível,  
abstraídos perseguidores*

*de uma língua arrincada  
aos sentidos, aquecendo-se  
na contraluz do universo à  
espera do seu percurso  
enigmático dentro de nós.*

Inmediatamente, na páxina 18, en *Versos fatídicos*:

*Figura do tempo  
Camiñamos  
para unha especie de esencia  
continuamente. Somos,  
errantes na planicie,  
víctimas do vento astral.  
Na demora da vida  
devoramos o traxe salgado da alma.  
Só entón permanecemos fieis  
á esfera celeste.  
Escravos do sopro que nos arrastra.*

*A noite é un niño invertido.  
Presentimos o tempo  
no puro ritmo do latexo.  
Resucita unha estrela  
cando o sol  
no péndulo se enforca.*

Se o lector le con atención os dous libros, axiña percibirá, malia as diferenzas entre un e outro poeta –diferenzas de son, de ton, de ritmo, se se quere; mais diferenzas debidas sobre todo á forte voz persoal de cada un dos poetas, de Torres como de Ferreiro–, unha corrente subterránea, que aflora no conxunto de cada un dos poemarios: a esixencia comunitario-poética do surrealismo. **Por que, por fin!, estamos perante dous libros de poemas surrealistas, perante dous poetas surrealistas, os primeiros –xa non os únicos– da literatura galega, da poesía galega.** O surrealismo en Galicia, até hoxe mesmo, era unha influencia retórica (tanto en pintores como en poetas), ben ou mal peneirada, segundo o poeta ou o pintor; mesmo en algún poeta chegou a ser unha influencia poética-ideolóxica, mais sen chegar ao final, é dicir, sen asumir as esixencias comunitarias, éticas, políticas, poéticas do surrealismo.

Hoxe podemos dicir que o surrealismo xa existe na poesía galega mercé a dous poetas: Alfredo Ferreiro e Ramiro Torres, e a dous libros: *Versos fatídicos* e *Esplendor arcano*. Poetas surrealistas non só porque se reclamen do surrealismo,

porque fagan poemas surrealistas, porque se atean ás esixencias do surrealismo, senón porque **mediante unha dupla modalidade da consciencia –ver Signe ascendent, de André Breton– , poética e prosaica, son quen de disipar a ambigüidade que pesa a noción de *surreal*.**

O termo, malia a quen lle pese, non designa unha realidade ontolóxica diferente. **O surreal non é o sobrenatural. O surreal, ontoloxicamente, non é outra cousa que o real, mais fenomenoloxicamente transfigurado por esa especie de superconsciencia que só a poesía é quen de darnos.** É entón, como nos demostran estes dous poetas, estes dous poemarios, que o mundo aparece con ese rostro conmovedor, exaltante, convulsivo que responde soamente ao desexo dos que o habitan.

**O home, en tanto que animal e como o animal, procura o equilibrio mediante a redución das tensións;** como espírito, pola contra, procura o desequilibrio, de aí esa necesidade de intensidade, de risco e de drama, de tensión e de paixón en que se sitúa o camiño a cuxo final, quizais, podería cambiarse a vida. Polo que sei, polo que vento, novos poetas surrealistas están a aparecer: é un gran día para todos nós.

Acabáronse as baduadas, de agora en adiante, cando se fale de surrealismo en Galicia, na literatura galega **falarase con propiedade, que se di popularmente, sen necesidade de contarmos historias non verdadeiras e de inventarmos o que nunca existira até hoxe.**

\*\*\*

1- Poemas dos poetas surrealistas: vostede, caro lector, aínda que non sexa surrealista, pode facer, retoricamente, un perfecto poema surrealista. Iso si, nunca estará atravesado pola esixencia poético-comunitaria no surrealismo

**COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.**